



**CONSTRÚE EN VERDE**  
**PROXECTO TANGRAM**

## CONSTRÚE EN VERDE: TANGRAM 2014

### EDITA

Portal 48, Espacio para la creación S.L.

### PROMOCIONA

Concellería de Cultura. Concello de Pontevedra.  
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra. Universidade  
de Vigo.

### PATROCINA

Finsa  
Biohaus  
Giscosa

### COLABORA

CIFP A Xunqueira  
Confemadera Galicia  
CIS-Madeira

### COORDINA

Portal 48, Espacio para la creación S.L.

### TEXTOS

Anxos Riveiro Portela. Concelleira de Cultura do Concello de  
Pontevedra

Juan Manuel Corbacho Valencia. Vicerreitor do Campus de  
Pontevedra. Universidade de Vigo.

Rocío Gómez Juncal

Ana Seoane Suárez

Juan Picos

Confemadera Galicia

José Manuel Del Valle Couto

Mª Luz Lorenzo Crespo

María Carreiro

Cándido López González

Isabel Portela Iglesias

Enrique Reboredo Silva

Yolanda Rodríguez Soto

Beatriz Rodríguez Soto

Bernardo Carballal

Sindo Couso

Isidoro Dios

Vicente Cortizo

### DESEÑO E MAQUETACIÓN

Portal 48, Espacio para la creación S.L.

### VÍDEO DOCUMENTAL

Producciones Mutantes

### IMPRESIÓN

Gráficas Anduriña

ISBN: 978-84-940611-7-2

### 3.4. EDIFICIÓNS SOSTIBLES: MARÍA CARREIRO OTERO E CÁNDIDO LÓPEZ GONZÁLEZ:

O sostenible toma corpo naqueles momentos en que se cuestionan os modelos de producción, xa que aúa decadencia, degradación ou ineficacia acompañase da merma das condicións económicas e a depreciación das condicións de vida. A priori non existen elementos sostenibles. Aquilo que lle aporta este cualificativo é o tratamento, a xestión, que se adopte con eles. De forma xeral as actividades sostenibles responden á reutilización, á reciclaxe e á recuperación de materiais e elementos, é dicir, priorizar a xestión do xa existente, tratado e posto en valor fronte ao novo. Isto implica que as intervencións *ex\_novo* han de realizarse con materiais e elementos susceptibles de reutilizarse, de reciclarse ou de recuperarse na súa totalidade ou nas súas partes, minorando os residuos que xeren ao longo do seu ciclo de producción e de vida.

O urbanismo sostenible suscita a ordenación dun ámbito territorial considerando o impacto sobre a contorna e a confortabilidade na vida das persoas que ocupan ese ámbito territorial, incidindo especialmente na organización e a planificación do crecemento da cidade. O obxectivo do urbanismo sostenible non se centra en cambiar radicalmente as organizacións urbanas, senón en establecer modelos que xeren condicións de sostenibilidade urbana e social. Este urbanismo require actuar con intención. Este actuar con intención significa deseñar, é dicir, pensar antes actuar. Os conceptos vertidos nos supostos descritos, utópicos en certo xeito, teñen unha aplicación efectiva a través dunha serie de estratexias susceptibles de empregarse na xestión ordinaria dunha organización urbana. Entre as estratexias relativas á estética espacial, ou de intervención e mellora da contorna urbana apuntamos tres: a incorporación da vexetación, a pavimentación e o amoblamento selectivo. En térmos xerais, un edificio sostenible será aquel cuxo uso sexa continuo e o seu mantemento sexa posible cos medios dispoñibles polos seus propietarios. E isto resulta ser independente dos materiais e técnicas constructivas.

Os principios constructivos complementan os principios proxectuais, referidos á programación, funcionalidade, tipoloxía e impacto sobre a contorna, sintetizadas do seguinte xeito: Estudo previo das necesidades da colectividade, os cidadáns ou os moradores, co fin de determinar un programa contido e coherente nas súas formulacións funcionais. A estes principios construtivos e proxectuais hai que sumar o principio elemental: a proporcionalidade entre o edificado e as necesidades que satisfai.

María Carreiro Otero  
Cándido López González  
Universidade da Coruña



Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra  
Universidade de Vigo

